



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos en Lugo a José Ramón Val Alonso

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e os concellos da comarca de Vigo (Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Soutomaior e Vigo), do Condado (Ponteareas) e do Baixo Miño (A Guarda, Tomiño) para a prestación do servizo de información ás mulleres e promoción da igualdade

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Uniwersytet Warszawski* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Universidade do Algarve* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Universidade de Barcelona* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Universidade Federal da Bahía* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Université de la Sorbonne-Nouvelle París III* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Università degli Studi di Padova* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Ruprecht-Karls-Universität Heilderberg* para a docencia, a investigación e maila promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Universidade Nova de Lisboa* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Universidade de Deusto* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e *The University of Birmingham* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e *The University of Stirling* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e *The University of Wales Bangor* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e *The Queen´s College* da University of Oxford para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Universidade de Salamanca* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Universidade Complutense de Madrid* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Universidade do Minho* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Universidade do País Vasco* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Eberhard Kars-Universität Tübingen* para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a colaboración en materia de protección civil entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a Comunidade Autónoma do Principado de Asturias

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza un gasto por importe de de 6.231.850,81 euros corespondente ás obras de construción dun auditorio en Redondela (Pontevedra).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda nº 1 ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ferrol para a construción dun auditorio en Ferrol.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM rural-Baltar... Monterrei)



- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural un incremento de crédito para a ampliación dos prazos de contratación de persoal para a prevención e extinción de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia durante a campaña do ano 2006

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a formalización da prórroga do convenio de colaboración asinado o 8 de maio de 2006 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR para a realización das accións do plan de recuperación do banco marisqueiro do Bohído

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta e Amigos da Terra, Galicia-Xuventude para a realización dunha campaña de sensibilización fronte ao cambio climático, por importe de cincuenta e catro mil euros (54.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Neda para a adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de RSU por importe de seiscentos sesenta e catro mil catrocentos nove euros con noventa e cinco céntimos (664.409,95 €)
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Carballeda de Avia, para a execución das obras “Mellora das infraestruturas hidráulicas na Comunidade Autónoma. Captación, potabilización e abastecemento de auga a Carballeda de Avia. Carballeda de Avia (Ourense)” por importe de seiscentos mil euros (600.000 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Illa de Arousa para a execución das obras: “Plan de saneamento. Rede separativa de augas pluviais na Illa de Arousa. A Illa de Arousa (Pontevedra)” por importe de cincocentos oitenta e dous mil oitocentos trinta e un euros e noventa e tres céntimos (582.831,93 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Rosal para a execución das obras: “Saneamento en pequenos núcleos de poboación. Saneamento na zona de Rúa de Abaixo. O Rosal (Pontevedra)” por importe de cento setenta e nove mil douscentos trinta e seis euros e corenta e tres céntimos (179.236,43 €)



- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello da Pobra de Brollón, para a construción dun punto limpo por un importe total de douscentos trinta e tres mil novecentos noventa e un euros con trinta e tres céntimos (233.991,33 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Fonsagrada, para a execución das obras: "Pequenas obras de saneamento. Terminación das obras de colectores na Fonsagrada. A Fonsagrada (Lugo)" por importe de cincuenta e catro mil cento dezanove euros e vinte e dous céntimos (54.119,22 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Gondomar, para a execución das obras: "Plan de saneamento. Colectores no concello de Gondomar. Gondomar (Pontevedra)" por importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €)

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Vilar de Santos, para a ampliación do parque empresarial de Santa Marta e mellora das infraestruturas no seu contorno
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Allariz, para a execución das obras de execución de urbanización do parque empresarial de Roiriz (ampliación de parque empresarial de Chorente en Allariz)

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta sobre os datos e novidades do curso 2006-2007

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a elaboración do Plan Integral de Atención a Saúde da Muller Galega



O SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE DESTINA 270.000 EUROS Á REDE DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES NAS COMARCAS DE VIGO, O CONDADO E O BAIXO MIÑO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio para o mantemento dos centros de Información á Muller de Vigo, Baiona, Gondomar, Nigrán, Pontearreas, O Porriño, Redondela, Soutomaior e A Guarda*
- *No convenio prevese tamén a creación de Puntos de Información á Muller nos concellos de Mos, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes e Tomiño.*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI) dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os concellos das comarcas de Vigo, O Condado e O Baixo Miño para a prestación do servizo de información ás mulleres e promoción da igualdade.

No convenio establécense as condicións para o mantemento dos Centros de Información á Muller (CIM) dos concellos de Vigo, Baiona, Gondomar, Nigrán, Pontearreas, O Porriño, Redondela, Soutomaior e A Guarda, que percibirán un total de 30.000 euros por municipio para o mantemento dun servizo integral de información, asesoramento e apoio ás mulleres, polo que a achega por parte do Servizo Galego de Igualdade da Vicepresidencia con este fin ascende a 270.000 euros. No documento prevese ademais a creación de puntos de Información á Muller nos concellos de Mos, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes e Tomiño.

Ao abeiro deste convenio, garántese o funcionamento do servizo prestado polos CIM de luns a venres, cun horario de atención ao público mínimo de cinco horas diarias. Entre as súas funcións, estes centros proporcionan información sobre recursos específicos para a muller, asesoramento xurídico e psicolóxico ás usuarias que o demanden, e colaboran na asistencia integral ás vítimas de violencia de xénero. A través dos CIM, a Secretaría Xeral da Igualdade aplica o programa nacional de intervención comunitaria na área da igualdade, e permiten tamén desenvolver todo tipo de actividades que teñan como obxectivo prioritario a promoción da igualdade das mulleres e dos homes.

A Rede Galega de Información ás Mulleres articúlase a través dos 75 CIM que existen na actualidade en Galicia, aos que se engaden como novidade importante un total de 66 puntos de Información á Muller que se están a poñer en marcha para dar cobertura a todos aqueles municipios onde non existe un CIM e que así o solicitaron. Os puntos de Información á Muller buscan solucionar as carencias de servizos ás mulleres que se dan en moitas zonas de Galicia, onde non poden acceder a determinadas informacións, asesoramentos ou servizos por non dispoñer dun CIM



preto. Os PIM, que se situarán en locais cedidos polos concellos, terán horarios reducidos –cun mínimo de dúas horas semanais– e estarán atendidos polas técnicas dos CIM e por persoal contratado especificamente para atender estes puntos de información.



POLÍTICA LINGÜÍSTICA RENOVA A COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES DO EXTERIOR PARA A DOCENCIA DA LINGUA GALEGA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe os convenios de colaboración con 18 universidades españolas e estranxeiras para o ensino, a investigación e a promoción da lingua, literatura e cultura galegas*
- *Universidades de Barcelona, Madrid, País Vasco, Salamanca, Alemaña, Portugal, Francia, Italia, Polonia, Reino Unido e Brasil renovan o acordo co Goberno galego*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de diferentes convenios entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e 18 universidades do exterior para o desenvolvemento da investigación, a docencia e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas. Deste xeito, dásele continuidade ao programa de proxección exterior da lingua e a cultura galegas dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

As universidades coas que se van asinar convenios son Barcelona, Deusto, a Complutense de Madrid, País Vasco e Salamanca, en España, e as universidades da Bahía (Brasil), Varsovia (Polonia), Algarve, Lisboa e Minho (Portugal), Sorbona (París), Padua (Italia), Heildeberg e Tübingen (Alemaña), Birmingham, Oxford, Stirling e Bangor (Reino Unido) e Warszawski (Polonia). No caso destes dous últimos destinos son convenios de nova creación, co que dous novos centros de estudos se incorporan este curso á rede.

O contido dos acordos suporá darlle continuidade ao ensinar a lingua, da literatura e da cultura galegas nos planos de estudo destas universidades e tamén organizar actividades de promoción, investigación e difusión do idioma a través de conferencias, seminarios, congresos ou mesas redondas. Ademais, as universidades comprometeranse a acoller os profesores lectores, aos que lles facilitarán a utilización dun despacho e o uso das instalacións universitarias que estean á disposición do resto do profesorado.

O Centro de Estudos Galegos será o órgano de referencia en todas as actividades que se desenvolvan dentro das respectivas universidades en aplicación dos acordos destes convenios.



GALICIA E ASTURIAS COLABORARÁN NA XESTIÓN DE EMERXENCIAS EN ZONAS LIMÍTROFES

- *Nas actuacións conxuntas de extinción de incendios haberá un só director elixido de mutuo acordo ou ben pola Comunidade Autónoma afectada*

Galicia e Asturias intercambiarán medios materiais e humanos de Protección Civil para afrontar situacións de emerxencias en zonas limítrofes. Así se desprende do acordo de colaboración en materia de Protección Civil entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a Comunidade Autónoma do Principado de Asturias que asinará proximamente a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza logo de se autorizar a súa sinatura no Consello da Xunta.

Tras dez anos de colaboración en xestión de emerxencias de zonas veciñas, os Gobernos galego e asturiano manifestan mediante este acordo a súa firme vontade e intención de cara ao futuro de continuar cooperando en materia de protección civil cando as situacións de risco que requiran do labor deste corpo se produzan en áreas limítrofes. Deste xeito, o documento presentado hoxe establece as pautas concretas que se seguirán na actuación conxunta.

Co obxectivo de acadar un mellor rendemento dos recursos dispoñibles nas dúas Administracións, o acordo reconece a posibilidade de utilización dos recursos da Comunidade Autónoma limítrofe, en situacións de emerxencia, logo da súa solicitude. Ao respecto, o documento concreta que os incendios forestais en zonas limítrofes serán extinguidos polo persoal que inicia o seu ataque, que dependerá da Comunidade Autónoma na cal se declarou o lume. Nas actuacións conxuntas, o director da actuación do persoal de extinción será nomeado ben pola autonomía afectada ben de mutuo acordo, se o incendio afecta a territorio das dúas comunidades.

Os Centros de Atención de Emerxencias 112 Galicia e 112 Asturias deeb rán, segundo o convenio, transferirse as chamadas recibidas que correspondan á outra comunidade.

Para a execución e o seguimento deste protocolo crearase unha comisión mixta, que se reunirá coma mínimo unha vez ao ano e estará integrada polos seguintes membros: por parte do Goberno galego e en representación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, o director xeral de Protección Civil e o subdirector xeral de Atención ás Emerxencias e Calidade de Protección Civil; en representación da Consellería de Medio Rural, o director xeral de Montes e Industrias Forestais e o subdirector de Defensa contra Incendios Forestais. Por parte do Goberno asturiano e en representación de Bombeiros do Principado de



Asturias e 112 Asturias, o vicepresidente destas dúas entidades públicas e os xerentes de cada unha delas.



A XUNTA DE GALICIA DESTINA 7,2 MILLÓNS DE EUROS ÁS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO AUDITORIO DE REDONDELA

- *Paralelamente, Política Territorial incrementará en preto dun 20 por cento o orzamento destinado á construción do auditorio de Ferrol*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto necesario para levar a cabo as obras de construción dun auditorio na localidade pontevedresa de Redondela. O importe aprobado hoxe está repartido en catro anualidades dende este ano ata 2009 e será achegado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, así como pola Consellería de Cultura e Deportes.

Porén, cabe salientar que o orzamento total previsto para o auditorio de Redondela acada preto de 7,2 millóns de euros no que se inclúen os gastos correspondentes á redacción do proxecto e dirección de obra, entre outros.

Nestes momentos estase a tramitar a licitación desta obra, que está concibida para albergar actividades musicais, espectáculos, congresos e conferencias.

O auditorio contará cunha superficie construída de casi 6.000 metros cadrados e terá capacidade para 720 espectadores. O edificio contará con cabinas de proxección de vídeo e tradución simultánea, así como salas de ensaio para teatro, música e baile.

Auditorio de Ferrol

Por outra banda, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes incrementa en preto dun 20% a partida orzamentaria destinada ás obras de construción do auditorio de Ferrol.

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, autorizou a sinatura dunha addenda ao convenio entre a CPTOPT e o Concello de Ferrol, pola que se destinarán un total de 11.470.309 euros ao financiamento de ditas obras, que no seu día foron orzadas en 9.680.255 euros.

Este incremento orzamentario obedece a que o orzamento de execución contemplado no proxecto non estaba axustado aos custes reais da obra. Polo tanto, a consellería decidiu dotar o acordo inicial (que foi asinado en xullo de 2004) coa contía suficiente para poder realizar a obra, así como adaptar a vixencia do novo acordo ao cronograma de execución proposto para finalizar as actuacións que se atopan en marcha.



MEDIO RURAL AMPLÍA A CONTRATACIÓN DE 47 TÉCNICOS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS PARA REALIZAR OS TRABALLOS DE VALORIZACIÓN DA MADEIRA QUEIMADA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe un incremento da partida destinada a sufragar os gastos deste persoal nun total de 338.315,26 euros, que permitirá manter a súa contratación durante dous meses e doce días máis.*
- *Os traballadores, fundamentalmente técnicos superiores e técnicos forestais, levarán a cabo accións de cubicación e valoración da madeira queimada en pé, así como a elaboración de plans de corta e de aproveitamento de xeito que se minimize a súa perda de valor e os posíbeis riscos medioambientais.*

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería do Medio Rural a incrementar o crédito necesario para ampliar a contratación de 47 técnicos pertencentes ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios durante dous meses e doce días máis co fin de que colaboren nas tarefas de sinalización e de aproveitamento da madeira que se viu afectada pola vaga de lumes deste verán. Esta ampliación de gasto suporá un total de 338.315,26 euros e vén a sumarse á partida de 3.005.000 euros que se destinou inicialmente para a contratación do persoal de prevención e extinción de incendios a comezos desta campaña.

Dos 47 traballadores aos que se lle amplía o contrato, fundamentalmente técnicos superiores e técnicos forestais, 10 desempeñarán as súas funcións na provincia da Coruña, 13 en Lugo, 12 en Ourense e outros 12 en Pontevedra.

Esta decisión está motivada polo importante número de incendios que se produciron en Galicia durante un período de dez días do mes de agosto e a necesidade urxente de levar a cabo actuacións de cubicación e valoración da madeira queimada en pé, así como a elaboración de plans de corta e de aproveitamento da mesma. Todo isto persegue o fin de minorar as consecuencias económicas, ambientais e sociais que ocasionaron os lumes forestais en Galicia este verán.



MEDIO RURAL ASINARÁ OUTROS TRES CONVENIOS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DENTRO DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS

- *A este fin este departamento do Goberno autonómico destinará algo máis de 477.000 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para asinar tres novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM), cun orzamento previsto de 477.987 euros distribuídos en dúas anualidades.

Nesta fase, executaranse as obras, logo da sinatura dos convenios, nos concellos de Baltar, Lobios e Monterrei.

Estes tres municipios -correspondentes á décimo sétima quenda- súmanse aos 232 que xa se beneficiaron da sinatura destes convenios no que vai de ano 2006, tal e como se reflectiu en anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes concellos galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no ámbito rural, elaborou as directrices para un plano de investimentos que se realizarán en distintos concellos de Galicia denominado Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Prevense tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos de competencias que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento e mecanismo de seguimento da execución do convenio.



PESCA E O CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR PROSEGUIRÁN AS ACCIÓNS DO PLAN DE RECUPERACIÓN NO BOHÍDO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e a Fundación Cetmar para accións de recuperación no banco marisqueiro do Bohído*

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos decidiu prorrogar o convenio de colaboración coa Fundación Cetmar para a realización das accións do plan de recuperación do banco marisqueiro do Bohído. Esta iniciativa contou co visto bo do Consello da Xunta que hoxe autorizou a sinatura desta prórroga, que se estenderá ata finais de ano.

O obxectivo deste plan é o de mellorar a produción de especies de interese comercial no Bohído, que fai anos foi un dos principais bancos marisqueiros de Galicia, tanto para a ostra plana como para a ameixa babosa. A zona foi perdendo capacidade produtiva ata a súa práctica esquilma debido ás mortandades de ambas as dúas especies, orixinadas por diversas causas, e á sobreexplotación xeral do banco. Unha das dificultades que se atoparon na posta en marcha de accións de mellora da explotación é que a zona está considerada administrativamente como de libre marisqueo, polo que embarcacións de todas as confrarías da Ría de Arousa poden traballar alí. Isto implica ademais que as normas para a súa explotación deben ser elaboradas de oficio pola Consellería de Pesca, aínda que se considera positiva a implicación e o compromiso dos profesionais na súa xestión.

Tendo en conta que as accións se están a desenvolver segundo o previsto, a Consellería de Pesca considerou conveniente continuar coa execución do plan durante a campaña extractiva prevista no Plan Xeral de Explotacións Marisqueiras para 2006. O obxectivo é avaliar os resultados obtidos coas actuacións levadas a cabo ata o de agora e completar os seguimentos realizados cos datos obtidos da extracción e comercialización, que servirán así mesmo para o asesoramento do plan de explotación marisqueira do vindeiro ano.

Para a execución do convenio, a Fundación Cetmar comprométese a manter o sistema de vixilancia e control da zona, avaliar e cartografar o stock reprodutor e o recrutamento das especies de interese, así como das que son aptas para a comercialización para deseñar o seu plan de explotación. Ademais, técnicos do Centro Tecnolóxico do Mar deberán facer mostraxes, seguimento e análise da mortandade e das posibles alteracións patolóxicas da ameixa fina en substratos intermareais e submareais e das ameixas babosa e bicuda, estas últimas en substratos submareais. Por último, realizarán a mostraxe, seguimento e análise do



crecemento da ameixa fina en substratos intermareais e submareais e das ameixas babosa e bicuda en substratos submareais.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PROMOVE UN PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO

- *A iniciativa, na cal participarán 15 centros educativos da comunidade, ten por obxecto concienciar os escolares sobre esta problemática ambiental*
- *As tarefas de sensibilización inclúen medidas para reducir as emisións de CO2 e establecerán unha rede cidadá activa*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, en colaboración coa asociación ecoloxista Amigos da Terra, vai desenvolver durante este ano e parte do vindeiro un programa de sensibilización fronte ao cambio climático. O proxecto, denominado "Sensibilización polo cambio climático: a aposta", ten como fin concienciar a comunidade educativa da problemática do cambio climático e da participación activa en busca de solucións.

O proxecto involucrará a 15 centros educativos nas tarefas de sensibilización e prestarlles axuda para reducir e cuantificar as emisións de CO2. Así mesmo, establecerá unha rede cidadá activa na sensibilización polo cambio climático.

En virtude deste acordo, aprobado hoxe no consello da Xunta, a Consellería de Medio Ambiente achegará, con cargo aos orzamentos deste ano e do vindeiro, a cantidade de 54.000 euros para levar a cabo as actuacións previstas nesta iniciativa.

Amigos da Terra, pola súa banda, encargárase da elaboración do material didáctico preciso e da prestación de apoio titorial aos coordinadores da actividade en cada centro educativo. Do mesmo xeito, organizará, entre maio e xuño do vindeiro ano, visitas interpretativas guiadas ao Centro de Educación Ambiental As Corcerizas (Ourense) para un mínimo de 500 alumnos dos distintos centros participantes.

A evolución de todo o programa de sensibilización poderá consultarse a través do portal electrónico <http://www.amigosdaterra.net>. Ademais, ao comezo e remate da iniciativa, dende Amigos da Terra elaboraranse informes globais e individuais para cada centro. Estes recollerán os datos relativos ao número de participantes e a cuantificación de resultados de aforro enerxético.



MEDIO AMBIENTE ACOMETERÁ A ADECUACIÓN, SELAXE E CLAUSURA DO VERTEDOIRO DO CONCELLO CORUÑÉS DE NEDA

- *As obras previstas supoñen un investimento de 664.409,95 euros, contía que será financiada na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente*
- *O proxecto conta cun prazo de execución de seis meses.*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá, en colaboración co Concello de Neda (A Coruña), as obras de adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos deste municipio coruñés.

O proxecto, formulado pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, ten por obxecto resolver o problema sanitario e ambiental que xera a presenza de residuos sólidos urbanos do vertedoiro de Neda, situado no polígono 1 parcela 88 – Paraxe. Esta parcela presenta unha superficie total de 8.227 m² e carece de dispositivos de control ambiental.

A actuación, que foi aprobada hoxe no consello da Xunta, conta cun orzamento de 664.409,95 euros e será financiada na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente mediante dúas achegas que se realizarán este mesmo ano e o vindeiro.

A obras contemplan, en primeiro lugar, a recollida de residuos nas zonas anexas ao emprazamento do vertedoiro e o movemento e compactación de residuos. Posteriormente executarase a elaboración dun muro de contención a pé do talud do vertedoiro e acometeranse a selaxe superficial, a evacuación, drenaxe e almacenamento de lixiviados, a drenaxe de pluviais e a captación e tratamento de biogás. O peche definitivo do vertedoiro realizarase a través dunha fechadura de madeira tratada e a colocación de paneis indicadores da prohibición de verter. A restauración do contorno mediante revexetación con hidrosementeira pecha o capítulo das actuacións previstas no proxecto.



A XUNTA DOTARÁ DE SISTEMA DE ABASTECIMENTO AO CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA (OURENSE)

- *As obras previstas comprenden un investimento de 600.000,00 euros, cantidade da que se fará cargo na súa totalidade a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos*
- *O proxecto conta cun prazo de execución de 12 meses*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible dotará de sistema de captación, potabilización e abastecemento de auga o concello ourensán de Carballeda de Avia.

A actuación, que foi aprobada hoxe no Consello da Xunta, conta cun orzamento de 600.000 euros e será financiada na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) mediante dúas achegas que se realizarán este mesmo ano e o vindeiro.

O proxecto contempla a creación da rede de abastecemento con definición da toma de auga no río Maquiáns baixo o núcleo de Abelenda das Penas, a conducción ata a Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) e a potabilización e distribución por gravidade ata un novo depósito de 400 metros cúbicos que se vai construír e dous ramais de distribución, un para a subministración de Carballeda de Avia e outro para a futura alimentación do resto de depósitos do concello.



MEDIO AMBIENTE INVISTE CASE 234.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUN PUNTO LIMPO NO CONCELLO LUGUÉS DA POBRA DE BROLLÓN

- *O prazo de execución da nova infraestrutura é de tres meses*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá, en colaboración co Concello de Pobra de Brollón (Lugo), as obras de implantación dun punto limpo neste concello lugués.

O proxecto, que foi aprobado hoxe no consello da Xunta, conta cun orzamento de *233.991,33* euros e será financiado na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente mediante dúas achegas que se realizarán este mesmo ano e o vindeiro.

A iniciativa de implantación dun punto limpo ten como obxectivo apoiar a dotación de colectores específicos de recollida nas beirarrúas ou en áreas de aportación situadas no núcleo urbano. A parcela escollida para a súa construción atópase no lugar dos Medos e presenta unha orografía moi suave, o que facilitará o seu establecemento.

O proxecto contempla as obras de acondicionamento da parcela e a implantación das infraestruturas xerais precisas. Posteriormente, executaranse as tarefas de urbanización e axardinado. Evitarase, mediante a construción dun valado na fronte e nos laterais, o acceso de persoal non autorizado. Construiranse tamén unha caseta almacén para residuos domésticos perigosos e unha caseta de recepción

O punto limpo contará con colectores abertos, colectores para aceites, pilas, baterías de coches, disolventes, pinturas, residuos ácidos e bases, para fluorescentes e colectores de 20 m3.



MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 54.119 EUROS NA MELLORA DO SANEAMENTO NO CONCELLO LUGUÉS DA FONSAGRADA

- *As obras previstas incorporarán as vertedruas da valgada sur do municipio á rede de saneamento xa existente*
- *O proxecto conta cun prazo de execución de 3 meses*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible mellorará a rede de saneamento no concello da Fonsagrada (Lugo). As actuacións estipuladas neste proxecto, aprobado hoxe no Consello da Xunta, supoñen un investimento total de 54.119,22 € e serán financiadas integramente pola Consellería de Medio Ambiente a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) mediante dúas achegas que se realizarán este mesmo ano e o vindeiro.

As obras previstas permitirán incorporar as verteduras fecais que se producen na valgada sur da zona á rede de saneamento xa existente. Deste xeito poderán ser transportados para o seu tratamento á nova estación depuradora de augas residuais (EDAR). Para a consecución deste propósito executaranse 380 metros de colector, unindo o pozo existente na rúa da Fonte ata a valgada existente na confluencia da estrada de Suarna e a avenida de Asturias. Neste lugar embocarase a canalización a un pozo de bombeo. Finalmente construírase a impulsión ata o pozo xa existente, situado na rúa de Xestoso.



A XUNTA DESTINA 1,2 MILLÓNS DE EUROS Á URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE ROIRIZ, NO CONCELLO DE ALLARIZ

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Allariz para a ampliación do parque empresarial*

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, aprobou o investimento de 1,2 millóns de euros para a adquisición de terreos e a execución das obras de urbanización do parque empresarial de Roiriz no Concello de Allariz. Este parque equivale á terceira fase do parque empresarial de Chorente, do que xa están rematadas as dúas primeiras fases, procedéndose agora á dita ampliación.

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Allariz para a adquisición dos terreos necesarios para a ampliación das obras de urbanización, no que se investirá un total de 1,2 millóns de euros en dúas anualidades.

Pola súa banda, o Concello de Allariz financiará ao seu cargo, o proxecto de urbanización, a redacción do plan parcial e a dirección de obra. Ademais, o concello asume o compromiso de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como as relativas á obtención dos permisos e autorizacións necesarios.

A primeira e segunda fase do parque empresarial de Chorente están rematadas e suman unha superficie total de 199.386 metros cadrados, nos cales xa están instaladas un total de 26 empresas. Coa ampliación deste parque empresarial, a Consellería de Vivenda e Solo quere satisfacer a demanda de solo produtivo existente no municipio, unha vez que se esgotaron as parcelas das dúas primeiras fases do Parque Empresarial de Chorente.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 665.000 EUROS NA AMPLIACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DE SANTA MARTA EN VILAR DE SANTOS

- *A superficie ampliarase en 51.250 metros cadrados e o concello entregará á Consellería unha parcela urbanizada de 5.700 metros cadrados*

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, aprobou o investimento de 665.000 euros na ampliación e mellora das infraestruturas do contorno do parque empresarial de Santa Marta no Concello de Vilar de Santos. A superficie resultante da ampliación será de 51.250 metros cadrados para dar resposta á demanda de solo empresarial no Concello.

O obxectivo deste departamento do Goberno autonómico coa sinatura deste convenio pasa por dar resposta á demanda de solo empresarial existente no Concello de Vilar de Santos, ampliando o parque de Santa Marta que na actualidade conta cunha superficie de 175.000 metros cadrados, que resultan insuficientes para o asentamento de novas iniciativas empresariais no Concello ourensán.

A Consellería de Vivenda e Solo inviste tamén nas obras co obxectivo de mellorar as infraestruturas existentes para potenciar o parque e, ademais, potenciar os núcleos de poboación próximos, entendendo que esta actuación favorece ao territorio e á poboación no seu conxunto.



A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN INVISTE ESTE ANO PRETO DE 55 MILLÓNS DE EUROS NA EXECUCION DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN, REFORMA E RENOVACIÓN DE CENTROS DOCENTES

- *Un total de 76 centros desenvolverán este curso o programa de reforzo, orientación acompañamento a centros (PROA), destinado a atallar o fracaso escolar*
- *Porase en marcha o Observatorio Galego de Convivencia*
- *A Administración educativa inviste máis de 3 millóns de euros na mellora dos comedores escolares e na contribución ao labor das ANPA neste eido*
- *Continuarase avanzando na igualdade de oportunidades con axudas para estudar no estranxeiro e para mercar ordenadores*
- *Atallar o fracaso escolar, fomentar o ensino en galego e conciliar a vida laboral e familiar son os eixos principais da Consellería de Educación para este curso 2006/2007*
- *Duplicarase o número de alumnos que se beneficiarán de bolsas para realizar estudos de idiomas no estranxeiro*

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou hoxe ao Consello da Xunta dos principais obxectivos da Administración educativa autonómica para este curso 2006/2007 orientados cara á consecución da calidade no ensino. Un dos principais compromisos da Consellería de Educación para este curso 2006/2007 ten que ver coa posta en marcha dun ambicioso plan de obras de construción, reforma e renovación de centros educativos. Neste obxectivo investiranse preto de 55 millóns de euros. Concretamente, 27,5 millóns de euros destinaranse á execución de obra nova (o que supón un 15,87 por cento máis que en 2005) e 27,7 millóns de euros en obras de reforma, ampliación e mellora de infraestruturas xa existentes (neste apartado, a suba porcentual en relación ao ano pasado é dun 43,18 por cento).

Educación está a levar a cabo obras de reforma e renovación dos centros docentes para adecualos ás necesidades actuais do sistema educativo, ao tempo que constrúe novos centros docentes alí onde o crecemento demográfico o esixe. Nestas accións inclúese a a construción da Escola de Educación Infantil (EEI) do Milladoiro, en Ames (A Coruña) e o Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de Barbadás (Ourense), entre outras. Cabe sinalar tamén as remodelacións integrais de edificios xa existentes como o CEIP *López Ferreiro* (Santiago) e o CEIP *Couceiro Freijomil* (Ferrol).

Paralelamente, a Administración educativa galega traballa nun conxunto de accións e programas destinados a atallar o fracaso escolar, a fomentar o ensino en galego e a convivencia pacífica nos centros educativos, e a conciliar a vida laboral e familiar dos pais.



Neste sentido, a Consellería de Educación está a desenvolver este ano o programa PROA (programa de reforzo, orientación e acompañamento a centros), posto en marcha o curso pasado en 40 centros da Comunidade e que se amplía este curso a 36 novos centros. Esta iniciativa supón un investimento de 2.038.200 euros, cofinanciados entre o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a consellería, achegando cada parte 1.019.100 euros. Un primeiro balance dos resultados, derivado dunha enquisa nos centros participantes no curso pasado, destaca un cambio na actitude do alumnado e unha maior implicación deste no proceso de aprendizaxe, segundo indicou Sánchez Piñón.

Como novidade este ano, o departamento educativo da Comunidade implantou o programa de potenciación do ensino en lingua galega, no cal participan 17 centros e 850 alumnos. Esta iniciativa permite que os pais que o desexen escolaricen os seus fillos en educación infantil nunha aula de ensino en galego. Ao mesmo tempo, os centros participantes ofertan tamén aulas para os alumnos con lingua materna castelán. Esta acción posta en marcha pola Consellería de Educación supón un avance na aplicación do Plan Xeral de Normalización Lingüística.

Seguindo o obxectivo de fomentar o ensino en lingua galega, a Administración educativa autonómica convocará este curso, tamén por vez primeira, 10 proxectos de innovación nesta lingua destinados a centros de secundaria.

O Consello da Xunta foi informado dos plans da Consellería de Educación de cara a mellorar o clima de convivencia nos centros de ensino galegos, que pasan pola posta en marcha do Plan Integral de mellora da convivencia, co que se busca previr e paliar situacións de conflictividade. Para a elaboración deste plan, a Comisión recolleu as propostas e suxestións formuladas desde centrais sindicais, concellos, asociacións e outras entidades. Ademais, no marco deste Plan créase o Observatorio Galego de Convivencia.

Conciliación da vida laboral e familiar

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria avanza na conciliación da vida laboral e familiar dos pais a través de varias iniciativas en materia de comedores escolares e programas como o de apertura de centros docentes fóra do horario escolar. Así, a Administración educativa galega convocou recentemente unha liña de axudas por valor de 1 millón de euros destinadas a ANPA que están asumindo a xestión de comedores escolares. Ademais, estase elaborando un novo decreto de comedores escolares, que atenderá as necesidades familiares, terá en conta que hai comedores xestionados por ANPA, prestará atención ás alerxias e intolerancias a algún alimento, e reducirá a ratio coidador/alumnos tendo en conta se o alumnado é de infantil, primaria ou ESO.



No tocante ás actuacións realizadas, a Consellería de Educación efectuou obras este ano en comedores escolares por un importe de 1.844.989,71 euros, cantidade á que hai que engadir outros 438.008,56 euros para dotar os centros de equipamento específico. En total, a Administración educativa investiu máis de 2,2 millóns de euros nestas actuacións.

O Consello da Xunta tamén foi informado de dúas liñas de axudas dirixidas ás familias, como son o programa de estadias no estranxeiro durante o verán, no que participaron este ano estudantes de 4º de ESO, e a convocatoria de axudas para a compra de ordenadores. Neste senso, a Consellería de Educación convocou unha nova liña de axudas para mercar ordenadores ás que poden optar todos os alumnos do ensino obrigatorio, isto é, os que cursan educación primaria e ESO. Serán un total de 4.445 axudas, nas que o departamento educativo galego inviste 1.333.500 euros.

Esta nova convocatoria únese á anterior, que beneficiou un total de 5.525 familias, e continúa co obxectivo de fomentar o uso das novas tecnoloxías entre o alumnado. Así, a Consellería de Educación investiu un total de 1.657.500 euros nesta iniciativa, que estaba dirixida a alumnos de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO.

Por outra banda, o programa de bolsas para estudar no estranxeiro, que terá continuidade este curso no que se duplicarán as bolsas ofertadas, permitiu a 294 estudantes de 4º de ESO viaxar durante o verán ao Reino Unido, Irlanda e Francia, onde recibiron entre 15 e 20 horas semanais de clases e participaron en actividades deportivas. A Administración educativa autonómica destinou 750.000 euros para sufragar estas axudas, que tiveron un custo medio de 2.000 euros por bolsa. Os informes emitidos polos centros en que estudaron os alumnos que participaron no programa constatan que estes estudantes adquiriron unha maior destreza no dominio destas linguas estranxeiras.

Por outra banda, a Consellería de Educación continúa este ano o programa de gratuidade de libros de texto, no cal este departamento inviste 14 millóns de euros e a través do cal se benefician na Comunidade en torno a 100.000 familias. Este curso 2006/2007 amplíase a gratuidade a 4º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), co que están cubertos todos os cursos de educación primaria e o 50% da ESO.

607 novas rutas con acompañante escolar

Desde o inicio de curso incorporouse a figura do acompañante escolar a 607 novas rutas, cubrindo así un 89,30% das rutas nas que é preciso telo. Esta porcentaxe incrementárase ao longo do curso escolar ata acadar o 93%. En total, son 1.961 as rutas de transporte escolar que contan con esta figura. A Consellería de Educación inviste este ano nesta acción máis de 8 millóns de euros.



As cifras globais de alumnado, segundo datos estimativos elaborados pola Consellería de Educación, refírense a un total de 372.643 alumnos que cursarán este ano ensinanzas non universitarias de réxime xeral en Galicia. Pese a que a tendencia segue sendo á baixa, obsérvase un certo repuntamento, xa que a diferenza con respecto ao curso pasado, dun 0,93%, é o menor descenso desde o curso 2001/2002. Ademais, nos primeiros niveis (educación infantil, primaria e especial) obsérvase un incremento do 0,65% do alumnado, un aumento que se rexistra especialmente na etapa de educación infantil, cunha suba de alumnos do 1,76 %.

A Comunidade galega conta este curso con 1.268 centros de ensino, nos cales imparten clases un total de 38.235 profesores. Con respecto ao alumnado estranxeiro, as aulas da Comunidade acollerán previsiblemente máis de 10.500 alumnos, o que supón unha porcentaxe da orde do 2,8 % sobre o total do alumnado.



A XUNTA PORÁ EN MARCHA UN PLAN INTEGRAL DE ATENCIÓN Á SAÚDE DA MULLER

- *É un compromiso do Goberno galego coa igualdade no ámbito da saúde para mellorar a atención sanitaria que se presta ás mulleres de xeito diferenciado, e darlles así unha resposta axeitada*
- *É unha ferramenta de traballo aberta, flexible e dinámica que goza da máxima participación e transparencia, que procura o cambio na atención da saúde das mulleres para a súa mellora*
- *Está dirixido a todas as usuarias e profesionais da sanidade pública galega, e abrangue dende a creación dunha web de participación continua ata a formación de grupos de traballo o e organización de mesas de debate*

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre a metodoloxía e cronoloxía que está a seguir para elaboración do Plan Integral de Atención á Saúde da Muller. Partindo dos principios de participación e transparencia, a elaboración definitiva deste proxecto abrangue dende unha web para a participación continua sobre a saúde da muller, á creación de grupos de traballos de profesionais, presentación a colectivos e grupos de traballo, entrevistas, e mesas de debate que enriquezan o documento de partida.

Este Plan Integral de Atención á Saúde da Muller agrupa unha serie de accións concretas para mellorar a saúde das mulleres galegas e inserir a perspectiva de xénero en todos os servizos do sistema sanitario galego. Pártese así dun documento técnico xa rematado, e continúa coa elaboración dun espazo web, no vindeiro mes; e con reunións e mesas de debate ao longo do 2006, ata a redacción definitiva do plan, co fin de que se poida presentar a principios do vindeiro ano 2007.

O plan oriéntase á mellora da atención sanitaria que se presta ás mulleres naquelas cuestións que lles afectan de xeito diferenciado, e darlles así unha resposta axeitada. O plan serve para facer visible ás mulleres na recollida e análise dos datos, na investigación e na atención á saúde. Todo isto propicia un debate que aborde todas as cuestións convertendo este plan nunha ferramenta de traballo flexible, dinámica, e que goza da máxima participación e transparencia.

Esta iniciativa responde en último termo a un compromiso do Goberno galego coa igualdade no ámbito da saúde; e á necesidade de cambiar a cultura da organización, reorientando o sistema e incorporando a perspectiva de xénero na sanidade pública galega.



Para a usuaria e a traballadora do sistema

O Plan Integral de Atención á Saúde da Muller diríxese a todas as mulleres da sociedade galega que queren participar na toma de decisións que afectan a súa saúde en todas as etapas da vida.

A todas as usuarias do sistema con programas específicos para a detección, prevención e seguimento da saúde no eido da atención primaria, detección precoz do cancro xinecolóxico, anticoncepción e detección violencia de xénero. E, tamén, para ofrecerlle tratamento individualizado tendo en conta as diferenzas no xeito de enfermarse e de manifestar a enfermidade introducindo novas prestacións como a anestesia epidural.

A Consellería de Sanidade ten en conta tamén que o 72,8 por cento dos traballadores do Servizo Galego de Saúde son mulleres, e aplicará medidas para conciliar a vida familiar e laboral, mellorando o seu medio laboral, e dando pulo á súa incorporación en postos de responsabilidade.

Metodoloxía para un plan aberto ao debate

O obxecto da elaboración dunha proposta inicial é o de realizar un documento base para a interacción e traballo cos grupos e colectivos sociais e científicos. Este proxecto técnico inicial lévase a cabo con documentación e reunións de traballo, coas pertinentes postas en común.

Xunto con isto, a creación dunha páxina web de participación continua, supón contar cun foro virtual para a cidadanía. Deste xeito, permítese a participación social contando coas suxestións e opinións de Galicia sobre a situación e o futuro da saúde da muller.

Contarase coa participación activa de máis de 500 mulleres de distintos colectivos; e constituiranse grupos de traballo con profesionais de Atención Primaria e Especializada do Servizo Galego de Saúde para abordar as melloras asistenciais. Buscarase unha ampla repercusión na cidadanía e nas partes interesadas sobre a elaboración do Plan Integral de Atención á Saúde da Muller.

Outra das actuacións de proxecto son as entrevistas que a conselleira de Sanidade está mantendo xa co obxectivo de pulsar de forma directa as opinións de persoas ou organizacións de alto impacto social.

As mesas de debate nas cales participan expertos en saúde e muller constitúen outra das actuacións do proxecto de elaboración do plan. Teñen por finalidade concluír o documento cun debate público entre as partes interesadas.



Trátase dun compromiso deste Goberno coa igualdade, no ámbito da saúde, referendado cun orzamento con enfoque de xénero. En definitiva, dar o paso para incorporar ao sistema sanitario elementos humanizadores e de cambio que dean ás mulleres unha atención á saúde acorde co século XXI.



NOMEADO JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO COMO NOVO DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE PESCA EN LUGO

O Consello da Xunta acordou hoxe nomear a José Ramón Val Alonso como delegado territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos en Lugo, tras o cesamento do anterior delegado, Xaime Cancio.

José Ramón Val Alonso naceu en Foz (Lugo) no ano 1980 e é licenciado en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela, especializándose en Economía Pesqueira no curso de posgrao que fixo tamén na Universidade compostelana.

Na actualidade traballaba en *Reymogasa*, desenvolvendo a función de especialista.